

Presentan IDEPatri, unha plataforma web para rexistrar e conectar os descubrimentos arqueolóxicos en todo o planeta

venres, 4 xuño, 2021 - 14:00

A nova infraestrutura, froito dunha colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia), facilita o intercambio de información xeolocalizada de datos entre arqueólogos de todo o mundo, permitíndolles coñecer o estado das escavacións e ofrecer os seus contidos a calquera outra persoa, ao integrar o coñecemento na globalidade de Internet.



O mundo da arqueoloxía conta xa cunha nova e potente ferramenta trala presentación na Universidade de Santiago da plataforma **IDEPatri**, unha *Infraestrutura de Datos Espaciais* (IDE) para o intercambio de información arqueolóxica a través de Internet, desenvolvida polo **GEPN-AAT** (*Grupo de Estudo para a Prehistoria do Noroeste Ibérico, Arqueoloxía, Antigüedade e Territorio*), en colaboración co **CESGA** (*Centro de Supercomputación de Galicia*) e o **CiTIUS** (*Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes*).

O novo sistema, que viu a luz tras a recente defensa da tese doutoral de **Emilio Abad** na Facultade de Historia da USC, facilita o acceso a distintos datos de temática arqueolóxica e patrimonial. A plataforma permite acceder á información de forma inmediata, e pode ser utilizada para uso propio, ou por parte de usuarios con diferentes perfís ao longo de toda a cadea de protección do material arqueolóxico.

Mellorar a xestión dos datos arqueolóxicos: cara a un patrimonio accesible

Ata a data, o método arqueolóxico de investigación tradicional baséase na comparación de restos materiais, separados no espazo e no tempo. Con todo, a posibilidade de interconectar estes datos arqueolóxicos entre diferentes xacementos (ou mesmo entre diferentes disciplinas dentro dun mesmo xacemento), vese limitada actualmente por unhas técnicas de recolección de datos que non son uniformes, e que, na práctica, difiren de arqueólogo a arqueólogo e de institución a institución.

Por outra banda, a información que se envía aos museos durante a entrega de material tampouco se atopa estandarizada, xa que os sistemas de arquivo empregados non explotan o potencial das técnicas dixitais. O labor museístico segue sendo, a día de hoxe, moi heteroxéneo, e non dispón de mecanismos suficientes para que os arqueólogos poidan consultar as coleccións con rapidez e eficacia cando necesitan completar un estudo. Todas estas limitacións fan que reconstruír unha historia coherente e global sobre os modos de vida no pasado acabe por converterse nunha tarefa moito máis lenta, esforzada e custosa. Con estas premisas xorde IDEPatri, un proxecto concibido inicialmente como resposta ás necesidades dun grupo de investigación en arqueoloxía con actividade en escavacións dentro e fóra de Galicia.

Ademais de facilitar o intercambio de información, IDEPatri tense revelado como unha ferramenta de grande utilidade para os arqueólogos, que poden utilizala para rexistrar os numerosos datos xeoespaciais derivados da práctica arqueolóxica.

Unha ferramenta de I+D para a conservación do patrimonio

IDEPatri é o resultado dunha colaboración interdisciplinaria no ámbito emerxente das Humanidades Dixitais. A través de

Tecnoloxías de Información Xeográfica, os investigadores traballaron para extraer coñecemento sobre como os distintos elementos culturais fóronse expandindo ao longo do territorio (análise espacial), ou mesmo ao longo das diferentes épocas (análise temporal). A nova plataforma incorpora, ademais, unha compoñente de xestión de grandes volumes de datos para facilitar o traballo dos investigadores, unha característica que combina coa filosofía de acceso aberto (Open Access), para que docentes e divulgadores poidan explorar o seu potencial mediante ferramentas de visualización. Aínda que non só suporá unha vantaxe para o ámbito académico: «esta información bríndanos tamén a oportunidade de poder ofrecer produtos de valor a outros sectores de actividade, achegando discursos adaptados para diferentes tipos de persoas con inquietudes particulares», afirma Emilio Abad.

A unión fai a forza



«É imposible traballar illado», asegura Emilio Abad, autor da tese que deu lugar a IDEPatri. «Cando estudas un xacemento, moitas veces desexarías que o arqueólogo que estivo alí antes que ti, utilizase unha metodoloxía de recollida de información que fose útil a diferentes especialistas; é importante lembrar que, malia traballar en diferentes seccións, en arqueoloxía dependemos os uns dos outros». Abad explica que o labor arqueolóxico involucra a unha longa lista de responsables, na que cada intervinente utiliza un enfoque distinto, desde a fase máis inicial -coa etiquetaxe e a creación das bases de datos na escavación-, ata que se produce a entrega no museo, pasando polas persoas encargadas de preservar e tratar o material.

«A nosa maior preocupación cando concibimos IDEPatri foi a base de datos do arqueólogo», conta Abad. Os investigadores da USC e o CESGA trataron de que a base de datos conecte coas preocupacións de todos os participantes na cadea que vai desde o punto de escavación ata o museo, considerando distintas esferas de actividade. Para iso, como resalta [Josefa Rey](#), investigadora do GEPN-AAT e codirectora da tese, «a nosa maior inqueda foi que toda a información que xeren os xacementos teña un corpo único e resulte fácil de consultar, co obxectivo de que as investigacións deixen de estar illadas, sexan accesibles e, deste xeito, poidan acurtarse os tempos e custos de traballo». «Non debemos esquecer que cada persoa dedicada á investigación ocúpase dunha especialidade distinta: a metalurxia, o comercio, a cerámica, a alimentación, os cultivos, a silvicultura... son moitos e moi variados os perfís», argumenta Rey.

Para o outro codirector da tese, o investigador do CiTIUS [Manel Cotos](#), a nova infraestrutura permitirá unha mellor conservación do patrimonio, pero tamén conta con numerosas aplicacións no campo da obra civil, «ao considerar, por exemplo, distintas afectacións sobre novas aperturas de vías de comunicación, canalizacións de gas ou electricidade, e mesmo a xestión da repoboación forestal, como tallas e novas plantacións», afirma.

A ferramenta [*IDEPatri](#) foi [*validada nas escavacións do Castelo da Rocha](#) (Santiago de Compostela), onde a empresa encargada da escavación e levantamento arqueolóxico utilizou as aplicacións desenvolvidas e o modelo de datos para xestionar a intervención.